

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NA TAXA POR UTILIZACIÓN DE LOCAIS MUNICIPAIS PARA A CELEBRACIÓN DE VODAS CIVÍS

“Corresponderá abonar pola utilización dos locais municipais para a celebración de vodas:

- Por matrimonio civís celebrados nas dependencias do concello: 66,01 euros.
- Por matrimonios civís celebrados no Castelo: 99,00 euros.”

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NA TAXA POLA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

VOTACIÓN

Respecto da última modificación proposta nos termos que a continuación se transcriben:

“Modifícase o Anexo, e polo tanto queda redactado da seguinte maneira:

ANEXO: TARIFAS

TAXA DA ORDENANZA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

1.—“O prezo por asistencia é de 117,15 euros mensuais. Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo, aplicaranse as seguintes reducións totais ou parciais:

- a) Inferiores ao 50% do SMI, redución do 100%: 0 euros.
- b) Entre o 50% e o 75% do SMI, redución do 70%: 35,14 euros.
- c) Superiores ao 75% e inferiores ao 100% do SMI, redución do 40%: 70,29 euros.
- d) Entre o 100 e 150% do SMI, redución dun 10%: 105,43 euros.

Os nenos que permanezan na escola infantil medio día abonarán a taxa correspondente a media xornada.

2.—Prezo por servizos complementarios.

- a) Servizo de comedor: o prezo por este servizo é de 35,14 euros mensuais.
- b) Horario ampliado: o prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario normal será de 14,67 euros.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familia, sobre os prezos dos servizos anteriores aplicaranse reducións totais ou parciais:

- a) Inferiores ao 30% do SMI, redución do 100%.
- b) Entre o 30 e 100% do SMI, redución do 50%

3.—Descontos.

- a) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto nos puntos 1 e 2 anteriores aplicaranse os seguintes descontos:

Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%.

Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.

Asistencia de dous ou máis irmáns ao centro, 20% de desconto por cada neno atendido/a. No caso de que estes irmáns nacesen en parto múltiple o desconto será dun 30%.”

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NA TAXA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E INSTALACIÓN

“Modifícase o Artigo 7 de dita ordenanza, e polo tanto queda redactado da seguinte maneira:

ARTIGO 7

As cotas a abonar resultarán de aplicar os seguintes tipos:

A.1 Licencias de obras e proxectos de urbanización: 1,066% sobre a base liquidable cunha cota mínima de 33,02 euros.

A.2 Licencias de obra maior: 0,1066% da base liquidable, cunha cota mínima de 33,03 euros.

B/ Outros servizos.

- Alineacións e resantes 7,38 euros por metro lineal.
- Inspección de obras que se practiquen a instancia de parte ou causa d expediente contradictorio, por unidade: 58,61 euros.
- Inspección de actividades que se practiquen a instancia de parte: 17,26 euros.
- Licencias de parcelación urbanística, por cada unha das parcelas resultantes: 48,81 euros.
- Transmisión de licencias: 39,16 euros.
- Autorizacións previas en solo non urbanizable (incluído o prezo do anuncio na prensa): 305,78 euros.
- Licencias de primeira ocupación: 0,58 €/m².
- Solicitud de declaración de ruína: 261,13 euros.
- Solicitud de tramitación de figuras do planeamento de iniciativa particular, a cota a abonar será a resultante do seguinte cálculo (superficie do solo en m² proposta edificable * 0,068 €/m²) + (superficie en m² * 0,034€/m²).

Si o resultado de aplicación das tarifas deste artigo fose inferior a 34,10 euros prevalecerá este importe como cota mínima.”

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NA TAXA POR OBTENCIÓN DE COPIAS E FOTOCOPIAS.

“Modifícase o Artigo 5, quedando polo tanto do seguinte xeito:

ARTIGO 5

As tarifas que corresponden satisfacer polos servizos regulados en esta ordenanza, serán as seguintes:

Pola obtención de copias, por fotocopias:

- * Tamaño DIN A-4: 0,06 euros.
- * Tamaño DIN A-3 e outros tamaños non especificados: 0,10 euros.

Pola obtención de copias de planos de oficina técnica:

- * Tamaño DIN A-4: 0,06 euros.
- * Tamaño DIN A-3: 0,18 euros
- * Tamaño DIN A-2: 1,05 euros
- * Tamaño DIN A-1: 1,76 euros.”

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AGUA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS AOS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCIAS

“Modifícase o anexo de dita ordenanza, quedando polo tanto do seguinte xeito:

ANEXO:

USOS DOMÉSTICOS:

- Mínimo ata 15 m ³ /mes	0,339 €/m ³
- De 15 m ³ a 20 m ³ /mes	0,370 €/m ³
- Máis de 20m ³ /mes	0,401 €/m ³

USOS COMERCIAIS:

- Mínimo ata 15m ³ /mes	0,370 €/m ³
- Máis de 15m ³ /mes	0,390 €/m ³

USOS INDUSTRIAIS E OBRAS

- Mínimo ata 15m ³ /mes	0,401 €/m ³
- Máis de 15m ³ /mes	0,472 €/m ³